

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	15

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Segundo o artigo 7 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Segundo o artigo 7 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia a etapa de educación primaria contribuirá a desenvolver nos estudantes as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiás de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Segundo o artigo 7 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia contribuirá a desenvolver nos estudantes as capacidades

que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave defínense como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidencianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia plurilingüe (CP)
- Competencia matemática, ciencia, enxeñaría e tecnoloxía (STEM)
- Competencia dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)
- Competencia emprendedora (CE)
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

De conformidade co artigo 6.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro as competencias clave, xunto cos obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da

educación secundaria obrigatoria constitúen os currículos das diferentes etapas educativas.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, inclúense no perfil de saída os descritores operativos que orientan sobre o nivel de desempeño esperado ao completar a educación primaria e secundaria, favorecendo e explicitando a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen o ensino obrigatorio. Os perfís competencias desenvólvense na normativa correspondente a cada etapa educativa que a continuación se relaciona:

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade de Galicia. (ANEXO I)
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da E.S.O. na comunidade de Galicia. (ANEXO I)

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para cada etapa.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

En todo caso, fomentaránse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaránse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Ademáis traballaránse as distintas conmemoracións recollidas na orde que desenvolve o calendario escolar:

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

Como Centro Católico das Fillas da Caridade, que basea o seu estilo educativo no Carisma dos seus fundadores, Vicente de Paúl e Luisa de Marillac no curso 23/24 traballaremos o valor da Sinxeleza, que nace desde o corazón polo que traballaránse dous obxectivos:

- Ø Educar no autoconecemento e a aceptación dun mesmo e dos demais, desde o respecto e o agradecemento para

crecer na sinxeleza.

Ø Favorecer espazos, momentos e experiencias de participación activa en todos os ámbitos da acción educativa, que nos axuden a crecer en corresponsabilidade e fomenten relacións sinxelas e auténticas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os equipo docente detalla nas diferentes programacións didácticas os principios metodolóxicos empregados nas diferentes materias, en todo caso a metodoloxía didáctica será fundamentalmente inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave al orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos son todos os obxectos, lugares, persoas, accións ou situacións que nos son útiles para favorecer a aprendizaxe do alumnado e permiten un bo desenvolvemento da tarefa docente do profesorado. Por iso é preciso realizar unha selección e establecer uns criterios de uso no Proxecto Educativo e que estes sexan compartidos polo equipo docente.

A selección de materiais e recursos didácticos atópase centralizada principalmente nos diferentes niveis. Estes, nas súas reunións, deciden, atendendo a criterios pedagóxicos principalmente, que materiais e recursos van empregar na súa práctica docente.

Procúrase atender aos criterios de cantidade, calidade e simplicidade da información que neles se recogen tendo en conta o destinatario final dos mesmos e as súas idades.

Ademais préstase especial atención aos contidos, as capacidades que promoven, as competencias que se poñen en acción coa lectura e realización das actividades, a posibilidade de seguir investigando grazas á complementación de información ou fontes de referencia que brinda, ademais da atención á diversidade a través dunha ampla batería de actividades.

A modo de conclusión, podemos afirmar que o obxectivo da selección de materiais e recursos curriculares é dar resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico que pretendemos levar á práctica. Entre eles están:

Para os Libros de Texto:

- Encádranse con coherencia no Proxecto Educativo.
- Cobren os obxectivos do currículo.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos e son adecuados ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.
- Presentan actividades de reforzo e de ampliación.
- A progresión é adecuada.
- A cantidade de actividades é suficiente (nin pobre nin excesiva).
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas.
- Contribúen ao desenvolvemento das Competencias clave.
- Facilita e/o permite liberdade para traballar diferentes metodoloxías.

Materiais Manipulativos:

- Están adaptados ás Normas de Seguridade Europeas
- As reproducións axústanse a modelos reais
- Integran aspectos lúdicos e educativos

Materiais Audiovisuais e Tecnolóxicos:

- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe e a imaxe están adaptados ao nivel.
- Son seguros e avalados polo Plan de dixitalización da Consellería.

Ademais do anteriormente exposto, á hora de elixir os materiais dirixidos ao alumnado tamén deben terse en conta estes criterios:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso comunitario dos mesmos.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Empregar materiais de baixo custo para crear hábitos de aforro.
- Que sexan apropiados aos alumnos que van dirixidos.
- Resistente e duradeiro.
- Atractivos e atraíntes.
- Favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

Eñ responsabilidade dos docentes das materias e niveis asegurar que nos materiais e recursos didácticos empregados:

- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas, avaladas pola comunidade internacional.
- A linguaxe e as imaxes estañ adaptadas ao nivel educativo correspondente.
- Non contengan ideas discriminatorias e estereotipadas por razón de xeñero, inmigración, usos linguízticos, identidade e orientación sexual, liberdade relixiosa, minorías ou de calquera outra razón.
- O custo económico para as familias for o mínimo posíbel.

O centro incorporouse ao Proxecto Abalar desde o curso 21/22 empregando netbooks (modelos Lenovo Yoga 11e) facilitados pola Consellería de Educación nos cursos 5º e 6º de Educación Primaria e 1º, 2º e 3º da Educación Secundaria e os entornos virtuais de traballo Edixgal, os docentes seleccionan materiais dispoñibles de diferentes editoriais facilitadas pola Consellería de Educación (Edebé, Netex, aulaPlaneta) ou elaboran os seus propios recursos. No 4º curso da ESO os estudantes empregan dispositivos Chromebook e tabletas dixitais.

As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollen os diferentes recursos e materiais que son utilizados nas diferentes materias / cursos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O Equipo Directivo elaborará os documentos relativos á oferta de materias optativas, itinerarios e proxectos ofertados polos Departamentos Didácticos. Devanditos documentos están recollidos no Proxecto de Centro e na PXA.

Tendo en conta que os centros docentes dispoñen de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente usarase esa autonomía para organizar a oferta educativa das materias de maneira flexible seguindo un criterio pedagóxico e coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, as materias optativas agruparanse de forma que se poida orientar ao alumnado tanto para os estudos pos obrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Neste deseño respectarase a normativa vixente en todos os seus extremos así:

- O artigo 9 do DECRETO 156/2022 establece as materias que debe cursar o alumnado na ESO.
- Os criterios para asignar optativas, materias de modalidade e itinerarios terán tamén en conta en todo momento a normativa, Decreto 156/2022, en canto a configuración, materias obrigatorias a ofertar, atención á diversidade, número mínimo de alumnos.
- Procurarase completar o conxunto de materias que se ofrezan de maneira que, na oferta global de materias para cada curso, estean representadas todas as áreas do coñecemento.
- Intentarase dar continuidade ás materias que se ofertan ao longo de toda a etapa para así favorecer que o alumnado poida profundar verdadeiramente nas materias do seu interese.
- Antes de concretar a oferta definitiva considerárase a atribución docente do profesorado dispoñible para a impartición de materias optativas, e tomárase en conta a elección de materia optativa que fixese o alumnado na súa matrícula durante o mes de xuño para a contratación de profesorado de fronte ao mes de setembro, de ser necesario.

HORAS DE LIBRE DISPOSICIÓN EN 1º & 2º ESO

A hora de establecer o contido das horas de libre disposición, o centro considerou a especial atención que se debe prestar ás estratexias de apoio e reforzo das áreas ou materias instrumentais. En 1º e 2º da E.S.O as materias de Matemáticas e Lingua Lingua Castelá Literatura empregan este tempo realizando un enfoque consistente no reforzo e consolidación das materias preprando a posible participación dos estudantes en concursos, certames...

MATERIAS OPTATIVAS 3º ESO no curso 23/24 son:

- 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCEÍS
- EDUCACIÓN DIXITAL
- ORATORIA

ITINEARIOS 4º ESO no curso 23/24:

Deseñáronse dous itinerarios, por unha banda o ITINERARIO A que responde as necesidades formativas do alumnado que opta por realizar Bacharelato orientado ás Ciencias Sociais, Humanidades e Formación Profesional e por outra banda ITINERARIO B orientado aos estudantado que quere cursar Bacharelato de Ciencias. Así os itinerarios estrutúranse do seguinte modo:

- ITINERARIO A: MATEMÁTICAS A + TECNOLOXÍA + ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO.
- ITINERARIO B: MATEMÁTICAS B + FÍSICA&QUÍMICA + BIOLOXÍA.
- En ambos itinerarios ofértanse como materias optativas: EXPRESIÓN ARTÍSTICA + FRANCÉS + FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL + DIXITALIZACIÓN

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Establécense como criterios xerais para o deseño e realización das actividades complementarias os seguintes:

- Que os obxectivos da actividade estean integrados no proxecto curricular de etapa.
- Que estean programadas a comezo de curso, e en calquera caso fosen aprobadas polo Consello Escolar. Os titores informarán os pais sobre as actividades complementarias a realizar, sendo preceptivo un documento de autorización da mesma para ter constancia de que se atopa debidamente informado se a actividade ten lugar fóra do recinto escolar.
- Existirán diversos tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade, establecéndose actividades xerais do centro, por nivel, área ou ciclo.
- Polos obxectivos propostos e tratándose de actividades que favorecen o desenvolvemento da competencias clave, procurarase que todas as actividades programadas sexan moi participativas e nunca excluíntes.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado de Educación Primaria con materias pendentes seguirá un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación.

Este plan de reforzo realizarase seguindo as directrices do artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. Nese artigo tamén se indica que en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Para superar a materia pendente, o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

O alumnado da ESO con materias pendentes seguirá un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este plan de reforzo realizarase, no caso da ESO, seguindo as directrices do artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. Nese artigo tamén se indica que "En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan".

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. O tratamento destas materias será idéntico ao das materias do curso actual, podendo realizar as actividades de recuperación que se desenvolven entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria.

O procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes. Informarase ao alumnado das medidas tomadas pola dirección do centro contidas no Plan de recuperación de materias pendentes e indicaráselle onde se atopa publicado este documento guía para a súa consulta.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- Identificación do alumno/a.
- Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.
- Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

- Tarefas para realizar con temporalización.
- Seguimento e avaliación
- Acreditación de información á familia

As persoas titoras serán as encargadas de resolver as dúbidas plantexadas polo alumnado respecto as indicacións contidas neste documento guía e tamén informarán periódicamente ao resto do equipo docente do estado, incidencias, situacións, avances, desconexións e calquera outro asunto que lle poida afectar ao alumnado.

O seguimento do alumnado farase de maneira periódica, e mediante procedementos formais de xeito que quede rexistrada de forma conxunta, sendo a persoa titora a responsable de recadar e transmitir a información á familia nas sesións de tutoría. Para facilitar esta labor utilízase unha ferramenta colaborativa onde o profesorado emprega un documento compartido onde cada docente realiza as anotacións pertinentes referidas a cada alumno/a cuantificando e cualificando o traballo xunto coas ferramentas da plataforma.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Esta medida deberaŕ ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo organizado polo centro para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa.

O Plan incluíraŕ unha serie de actuacións con este alumnado nas áreas non superadas, co obxectivo de incrementar o éxito escolar actuando sobre as variables que incidiron negativamente no seu rendemento. Formaraŕ parte da programación do curso e seraŕ elaborada e desenvolta polo profesor da área co asesoramento, se eŕ o caso, da orientadora.

O modelo a cumprimentar no centro encoñtrase dentro dos anexos do Plan de Orientación.

Os contidos do plan específico de reforzo fixaranse atendendo ás necesidades educativas do alumnado destinatario do programa. De forma xeral traballaranse os ámbitos persoal, social e curricular. Dentro deste último abordanse de forma prioritaria os contidos e procedementos de traballo propios das áreas instrumentais para alcanzar os seus obxectivos mínimos e asegurar así o desenvolvemento das principais competencias clave. Seleccionaremos os contidos que se van a traballar a partir dos obxectivos ou dos criterios de avaliación non superados no curso anterior. Na selección de actividades priorizaremos aquelas que fomenten a interacción e o traballo conxunto, permitan diferentes niveis de resolución e de complexidade a partir dunha proposta global e favorezan o éxito de todo o alumnado, especialmente daquel que ten máis dificultades. Para lograr o éxito do plan de reforzo é imprescindible a coordinación entre todos os e as profesionais que interveñen e que todos actúen seguindo os mesmos criterios.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Toda a información recollida neste apartado ten en conta as seguintes consideracións legais:

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Criterios de Xerais para a Avaliación en Educación Primaria:

Tal e como establece o artigo 17 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/202 a avaliación respectará os seguintes principios:

a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

c) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.

Os docentes empregarán técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo

O equipo directivo do centro establece as datas das avaliacións do curso tendo en conta o cumprimento das datas e/ou prazos determinados nas normas que establecen o calendario escolar para cada curso e buscar o máximo equilibrio posible no número de días lectivos en cada un dos períodos de avaliación. Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo

Criterios de Promoción Educación Primaria

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Criterios de Xerais para a Avaliación en Educación Secundaria:

A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora:

a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.

c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

O equipo directivo do centro establece as datas das avaliacións do curso tendo en conta o cumprimento das datas e/ou prazos determinados nas normas que establecen o calendario escolar para cada curso e buscar o máximo equilibrio posible no número de días lectivos en cada un dos períodos de avaliación. Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, como mínimo tres avaliacións parciais e unha avaliación final para cada grupo.

Criterios de Promoción Educación Secundaria Obrigatoria (artigo 28 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022)

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de maneira colexiada polo equipo docente, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción. No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

1. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

2. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

1. Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

1. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O equipo docente considerará un elemento determinante que imposibilita ao alumnado poder acadar o éxito no curso seguinte ou ter expectativas favorables de recuperación, se se produce un abandono manifesto nalgunha(s) materia(s) do curso. Os criterios obxectivos para considerar que existe abandono de materia son:

- Absentismo escolar ou elevado número de faltas de asistencia sen xustificación.
- Non presentación de actividades ou instrumentos de avaliación de maneira reiterada ao longo do curso, entendendo de forma reiterada a non entrega de máis do 50% das actividades.
- Cando se cumpra algún dos dous supostos anteriores e se obteña unha cualificación inferior a 2,0.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias ou ámbitos, destinado a súa recuperación e á súa superación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

Título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de maneira colexiada, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise competencias establecidas no perfil de saída.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

1. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

2. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluír a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

3. O alumnado que, unha vez finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderá facelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase. A inscrición e a matrícula realizarase no mes de maio de cada curso académico. As probas ou actividades personalizadas realizaranse no centro educativo onde a alumna ou o alumno estivese matriculado por última vez no cuarto curso do ensino secundario obrigatorio, durante o mes de xuño.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Mención Honorífica Educación Primaria

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e as alumnas que obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria en varias áreas e que demostren un rendemento académico excelente.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

Matrícula de honra Educación Secundaria

1. As alumnas e os alumnos que, despois da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

2. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos e de avaliación da alumna ou do alumno.

4. Cando o número estudantes que cumpran os requisitos para optar á matrícula de honra exceda o número de matrículas dispoñibles e se produza un empate na nota media do curso, os criterios do noso centro para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado acordados e establecidos na concreción curricular do centro son os seguintes:

1º criterio: media ponderada respecto ao número de horas de cada materia en 4º da ESO.

2º criterio: media de toda a etapa educativa.

3º criterio: No caso de persistir o empate, realizarase un Sorteo Público diante dos alumnos que aspiren a obter a MH e se invitará aos seus pais ou tutores legais a estar presentes no acto. Igualmente estarán presentes o titor/a de 4º ESO, o secretario/a do centro, que levantará acta.

Esta convocatoria será realizada polo/a Xefe/a de Estudos. O sorteo efectuarase da seguinte maneira:

1. Nunha urna introduciranse as papeletas cos nomes dos alumnos que concorran.

1. O director/a do colexio extraerá unha papeleta. No caso de que no empate houbera máis dunha MH volveríase a extraer outra papeleta.

1. Do resultado do sorteo levantarase acta que se axuntará á propia da sesión de avaliación final.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas son instrumentos específicos de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada materia, módulo ou, no seu caso, ámbito do currículo establecido. Co obxecto de facilitar o coñecemento polo conxunto da comunidade educativa das programacións didácticas o centro publica na súa web os documentos logo de ser elaboradas e enviadas a Inspección Educativa mediante a aplicación informática PROENS.

Ateranse aos criterios xerais recollidos no proxecto educativo e terán en conta as necesidades e características do alumnado. Por tanto, para elaborar as programacións didácticas o profesorado do centro debe partir de cinco grandes fontes de información:

- O proxecto educativo incluído no Plan de Centro: criterios xerais.
- A Memoria de autoavaliación e o Plan de Mellora.
- A análise do contexto, características e necesidades do noso alumnado.
- O currículo básico que se prescribe desde a Administración (estatal e autonómica).

As programacións didácticas de cada materia ou ámbito elaboraranse polos departamentos de coordinación didáctica, de acordo coas directrices das áreas para cada nivel educativo. A dunha materia/area é a mesma para todos

os grupos do nivel e poderanse actualizar ou modificar, no seu caso, tras os procesos de autoavaliación.

As programacións didácticas incluírán, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos, os contidos e a súa distribución temporal e os criterios de avaliación, posibilitando a adaptación da secuenciación de contidos ás características do centro e a súa contorna.
- b) No caso da educación secundaria obrigatoria, referencia explícita acerca da contribución da materia á adquisición das competencias clave.
- c) A forma en que se incorporan os contidos de carácter transversal ao currículo.
- d) A metodoloxía que se vai a aplicar.
- e) Os procedementos de avaliación do alumnado e os criterios de cualificación, en consonancia coas orientacións metodolóxicas establecidas.
- f) As medidas de atención á diversidade.
- g) Os materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar, incluídos os libros para uso do alumnado.
- h) As actividades complementarias e extraescolares relacionadas co currículo que se propoñen realizar polos departamentos de coordinación didáctica.

Os criterios xerais para a elaboración das programacións didácticas:

- Criterios xerais para obxectivos

- Os obxectivos xerais de cada unha das materias deberán contribuír ao desenvolvemento e consecución dos obxectivos xerais da etapa e das competencias clave.
 - A concreción dos obxectivos xerais das materias ha de entenderse como a resposta curricular que, desde cada un destes campos, pode contribuír ao desenvolvemento dos grandes fins e obxectivos do Centro.
- Criterios xerais para a selección de contidos.

- Atención ao desenvolvemento cognitivo do alumnado.
- Idoneidade con relación ás finalidades educativas e á súa concreción nos obxectivos xerais da Etapa.
- Significatividade para o profesorado e o alumnado.
- Conexión cos seus intereses e necesidades.
- Relevancia social.
- Adecuación ás características do contexto social e cultural do Centro.
- Potencialidade explicativa.
- Currículo establecido pola Administración.

- Criterios para a organización de contidos

- Significatividade psicolóxica. Refírese á necesidade de organizar os contidos de ensino a partir da capacidade de estruturación do coñecemento conseguida polos alumnos destas idades.
- Relevancia social e cultural. A organización proposta debe permitir abordar temas e problemas de especial interese en función do contexto escolar e da sociedade en que se inscribe o Centro.
- Funcionalidade didáctica. A proposta organizativa debe ser útil para deseñar diferentes tipos de unidades didácticas (temas, problemas, centros de interese, etc.) e concretalas en actividades de aula, desde enfoques disciplinares, multidisciplinares ou interdisciplinares.
- Pertinencia en relación co desenvolvemento evolutivo dos alumnos e alumnas. Trátase de establecer un nivel de aprendizaxe que respecte o principio de distancia óptima entre o que o alumno sabe e o que pode aprender, para evitar volver sobre contidos que xa posúe, pero tamén para non presentar aprendizaxes que se afasten demasiado das súas posibilidades reais de comprensión.
- Adecuación dos novos contidos aos coñecementos previos de alumnos e alumnas. Esta adecuación require unha exploración das ideas e experiencias que os alumnos teñen con relación a aquilo que imos ensinar, e atopar puntos de conexión que permitan facelas progresar no sentido das intencións educativas.
- Delimitación de ideas eixo. A coherencia e congruencia da secuencia depende, entre outras cousas, da elección dunha serie de ideas claves na materia a partir das cales se poden organizar os restantes contidos. Estas ideas deben sintetizar os aspectos fundamentais que se pretende ensinar.
- Continuidade e progresión. O ensino dos contidos fundamentais de cada materia, debe ter continuidade ao longo dos diferentes niveis educativos, de forma que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, retomando cada novo proceso alí onde quedou anteriormente. Esta idea de currículo en espiral, é especialmente adecuada para facilitar a construción progresiva de coñecementos e permitir unha atención adecuada á diversidade do grupo clase. Desde o coñecemento cotiá, simple e concreto, cara a un coñecemento conceptualizado de forma abstracta e cada vez máis complexo.
- É necesario revisar as posibles conexións con outras materias.
- Presenza dos temas transversais. Os ensinos transversais que se identifican no currículo son de enorme

relevancia, por iso, hai que prestar especial atención a que queden recollidas adecuadamente na secuencia que se estableza no Proxecto educativo

Seguimento e avaliación das programación didácticas

O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora. O seguimento quedará reflexado na aplicación informática da Consellería de Educación, PROENS, cunha frecuencia mínima mensual.

Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O equipo directivo promoverá a participación do centro en proxectos, plans e programas informando ao claustro daqueles que poidan ser de seu interese, facendo suxestións e propostas coa dinamización da Comisión de Coordinación Pedagóxica, escoitando e favorecendo as propostas que fagan os departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal, procurando a participación da comunidade educativa.

O criterio xeral para a elección dos proxectos, plans e programas no centro é que estes permitan traballar temas específicos que se poidan combinar coas capacidades do alumnado e poder establecer contactos positivos e proveitosos con eles. Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias dos departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Estes proxectos, plans e programas deben ser a alternativa para adquirir habilidades e coñecementos e deberán ser ricos e útiles en múltiples sentidos ofrecendo a posibilidade de chegar a solucións a través de diversas vías e formas de representación.

Os criterios os expresamos en forma de preguntas, unhas cuestións que nos servirán para ver o verdadeiro valor dos proxectos, planes e programas que imos a elixir.

- Achega novas aprendizaxes as que o alumnado xa ten?
- Axuda ao alumnado a entender mellor o mundo no que vive?
- Axuda aos nenos para entenderse mellor entre eles e a si mesmos?
- Permite aos nenos entender o valor da aprendizaxe en contextos da vida real?
- Alenta aos nenos para buscar fontes de información fóra da escola?
- Facilita a comunicación coas familias?
- En que forma contribuirán á aprendizaxe dos alumnos?
- Como de interesante é o tema para o alumnado?
- É un tema do mundo real?
- Os alumnos teñen xa experiencia persoal co tema?
- Será fácil para eles facer prácticas relacionadas co tema elixido?
- Poderán acceder a fontes de información adecuadas por si mesmos?
- Pode vir alguén a contar a súa experiencia de primeira man co tema?
- Haberá moitas preguntas diferentes que o alumnado quere facer sobre o tema?
- Terá o alumnado oportunidade e capacidade de investigar e realizar as súas propias preguntas de maneira activa?
- Que experiencia poden achegar as familias dos alumnos no proxecto, plan ou programa?

Esta lista serve para conseguir que o proxecto, plan ou programa elixido finalmente, atraia e manteña o interese do alumnado e lle axude a adquirir novos coñecementos e competencias.

O CPR La Inmaculada de Marín durante o curso participa nos seguintes proxectos, plans ou programas:

- Programa EDIXGAL
 - Programa de Intercambio Lingüístico en Inglés con centro educativo de Londres. (Condicionado a alcanzar un número mínimo de participantes)
 - Programa de Intercambio Lingüístico en Francés con centro educativo de Lyon. (Condicionado a alcanzar un número mínimo de participantes)
 - Programas PROXECTA. (Solicitada a participación nos programas: en Educación Infantil: Proxectos de vida activa e deportiva, Educación Primaria: Proxectos de vida activa e deportiva, MeteoEscolas, Nutriescolas, na ESO: Apuntámonos a non beber, Clases sen fume, Clases sen fume, Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional, Escola Verde)
 - Programam PROA + desenvolvido en Educación Primaria.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente

Ao longo do curso, nas reunións de ciclo farase un seguimento e revisión da concreción curricular, sendo o coordinador de ciclo o responsable de formular as propostas relativas a súa modificación á comisión de coordinación pedagóxica (CCP). Posteriormente realizarase unha posta en común na comisión de coordinación pedagóxica, que se encargará da súa redacción para que as aportacións sexan transmitidas a Equipo Directivo quen valorará a modificación da concreción curricular e comunicará dito feito á Inspección Educativa.

Ao finalizar o curso, despois de recollidas as memorias dos departamentos e as posibles incidencias que ateen a concreción o Equipo Directivo avaliarán este documento e o seu grao de cumprimento, que se recollerá nunha memoria. Valorarase se este documento é operativo e cumpre os propósitos, as orientacións e os compromisos formulados.

Todas as modificacións realizadas na concreción curricular deberán ser aprobadas polo Claustro.

Este documento será público e facilitarase o seu coñecemento pola comunidade educativa na web do centro.

o) Outros apartados

1. Non aplica

Non aplica